

## MANUAL DO PROMOTOR

### I. REQUISITOS DOS PROXECTOS

Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación do programa de desenvolvemento rural do GDR-4 "Asociación Terras de Lugo" (concellos de: Friol, Guntín, O Corgo, Rábade, Outeiro de Rei, Castroverde e Lugo na súa zona rural).
- 2.- Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva.
- 3.- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- 4.- Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos.
- 5.- Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
6. Que o investimento para o que se solicita a axuda non estea iniciado.

### II. BENEFICIARIOS

Poderán ter a condición de **beneficiarios**: as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, as entidades públicas de carácter local ou comarcal (concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores) e as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

### III. SUBVENCIONABILIDADE DOS GASTOS

#### **a) GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Terán o carácter de gastos subvencionables os que se especifican nas fichas de elixibilidade para cada medida.

#### ➤ Con carácter xeral, son subvencionables:

- 1- Construción, adquisición e mellora de bens inmóbiles.
- 2- Instalacións e compra de maquinaria e equipos, incluídos programas informáticos, ata o valor de mercado.
- 3- Equipamento e material non funxible.

4- Adquisición de terreos non edificadas (o custo aceptado de adquisición do terreo non poderá superar o 10% do investimento total).

5- Custos xerais (estudos técnicos, gastos de proxectos, dirección de obra, estudos de viabilidade e outros gastos de consultoría relativos aos investimentos realizados, así como adquisición e expedición de patentes e licenzas, ata o 20% do investimento subvencionable).

6.- Medios e equipos de transporte (en ningún caso se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos no sector do transporte).

➤ **Con carácter xeral, para todas as operacións, non son subvencionables:**

1- O IVE, excepto o IVE non recuperable nos proxectos non produtivos cando sexa costeado de forma efectiva e definitiva polo suxeito pasivo (as entidades públicas terán a condición de suxeito pasivo en canto ás actividades ou operacións nas que non actúen como autoridades públicas).

2- Os demais impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

3- Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.

4- Os gastos de constitución, rexistras e notariais.

5- Os intereses debedores das contas bancarias.

6- Os gastos anteriores ao levantamento dunha acta de non inicio por parte do GDR-4 (excepción: gastos relativos a estudos de viabilidade ou redacción de proxectos, ou ben anteriores á presentación da solicitude de axuda, respecto daqueles proxectos que non requiran acta de non inicio).

7- A reposición ou mera substitución de equipamento e maquinaria.

8- As obras de mantemento das instalacións.

9- Os gastos de alugamento de equipamento e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro.

10- Os xuros, recargas e sancións administrativas.

11- Os gastos de procedementos xudiciais.

12- A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación.

13- As partidas de gastos xerais e beneficio industrial dos proxectos, agás que correspondan a custos reais imputables á execución da operación, así como nos proxectos de promoción pública,

cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.

## **b) RÉXIME DAS CONTRIBUCIÓNS EN ESPECIE**

Poderán considerarse gasto subvencionable as contribucións dun beneficiario público ou privado, tales como a subministración de bens ou a prestación de servizos polos que non se efectúen pagamentos en efectivo acreditados polas correspondentes facturas ou documentos equivalentes, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que consistan na achega de materias primas para rehabilitación, traballos realizados con maquinaria propia, na prestación de servizos de investigación ou profesionais, ou de man de obra voluntaria non remunerada.
- Que non estean vinculadas ás operacións de enxeñaría financeira.
- Que o valor das contribucións poida calcularse e auditarse por separado.

A valoración das materias primas ou o custo de maquinaria calcularanse en base aos custos que figuran nas bases de datos oficiais de prezos.

## **c) INICIO DA SUBVENCIONABILIDADE DOS GASTOS**

Consideraranse gastos subvencionables os causados a partir da data da acta de non inicio dos investimentos referida no apartado III a) deste documento ou, de ser o caso, a partir da data da presentación da solicitude de axuda, respecto daqueles proxectos que non requiran acta de non inicio.

## **IV. TIPOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

Para que os proxectos sexan subvencionables deberán estar enmarcados nalgunha das medidas de elixibilidade do Programa de Desenvolvemento Rural GDR-4 "Asociación terras de Lugo".

### **ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 411.- DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL**

#### **1.- Investimentos no sector agrario.**

Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, nos seguintes supostos:

- Que impliquen a introdución de novas técnicas de produción que non teñan presenza no sector, a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior.
- Que teñan como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais.
- Que estean relacionados co apoio a novas producións.

- Que afecten a producións extensivas en áreas ambientalmente sensibles.
- Que estean dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións.
- Que estean vinculados coa aplicación das TIC nas explotacións.

## **2.- Aumento do valor económico dos montes.**

Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, sempre que sexan actuacións singulares, excluindo as plantacións ou actuacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en montes veciñais en man común con finalidade produtiva.

## **3.- Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.**

- Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os produtos referidos no anexo I do Tratado, con excepción dos produtos da pesca.
- Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais.

## **4.- Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal.**

Proxectos de cooperación entre produtores agrarios e forestais, empresas de transformación e comercialización agraria e forestal e/ou centros tecnolóxicos e de investigación de cara ao desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, con especial referencia a aqueles procesos que ofrezan saídas alternativas e de mellor calidade e que incrementen o valor engadido dos produtos.

### **ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 412.- MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL**

No marco da medida 412 soamente poderán subvencionarse proxectos de investimento de carácter non produtivo enmarcables nas seguintes submedidas:

#### **1. Investimentos non produtivos en explotacións agrarias, tales como:**

- Actuacións realizadas na explotación para a mellora da paisaxe en zonas Natura 2000 ou outras zonas de alto valor natural.
- Actuacións de recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe agraria.

#### **2. Investimentos non produtivos en espazos forestais, tales como:**

- Restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e paisaxístico e de conservación da biodiversidade.
- Fomento do uso social, educativo e recreativo dos montes.

Para os efectos desta medida, entenderase por investimentos non produtivos os investimentos que non dean lugar a un aumento significativo do valor ou da rendibilidade das explotacións agrarias ou forestais.

### **3. Inversións non produtivas para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.**

#### **ACTUACIÓN ENMARCABLES NA MEDIDA 413.- DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE E VIDA.**

**1. Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias.-** Proxectos que impliquen o inicio ou mellora dunha actividade produtiva complementaria da propia actividade agraria que se desenvolva na explotación agraria, tales como:

- Transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades locais na propia explotación.
- Elaboración e venda de produtos artesanais.
- Agroturismo: acondicionamento e mellora das instalacións da explotación agraria de cara a ofrecer servizos turísticos complementarios ao aloxamento.
- Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio.
- Prestación de servizos á poboación.

### **2. Creación, ampliación e modernización de PEMES, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.**

Para estes efectos, enténdese por modernización a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso de produción dun establecemento existente.

Nos proxectos de creación é requisito necesario a xeración de emprego, como mínimo, equivalente a 0,25 empregos anuais. Nos demais proxectos é requisito necesario o mantemento dos empregos existentes.

### 3. Fomento de actividades turísticas:

- Infraestruturas a pequena escala, tales como centros de información turística.
- Rutas de sendeirismo e outras infraestruturas turísticas.
- Desenvolvemento e/ou a comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural.

### 4. Servizos para a economía e a poboación rural:

Implantación de servizos, incluídas as actividades culturais e de ocio, para a poboación rural, e as correspondentes infraestruturas a pequena escala, así como actividades vinculadas á mellora dos sectores produtivos do territorio.

### 5. Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

- Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural, incluídos os proxectos de mantemento e recuperación de sistemas silvopastorís en montes veciñais en man común sen finalidade produtiva.
- Desenvolvemento de paraxes de alto valor natural.
- Investimentos relativos á restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural.

### 6. Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco da medida 413.

## V. TIPOLOXÍA DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Os **proxectos de carácter non produtivo** poderán ser subvencionables a través das medidas:

- ✓ 4.1.2. *Mellora ambiental e do contorno rural* (na súa totalidade).
- ✓ 4.1.3. *Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida*, sempre e cando sexan proxectos nos que se produzan investimentos non produtivos vinculados a: fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural, renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural.

Á súa vez, os proxectos non produtivos clasificaranse nas seguintes ordes de prioridade:

**- Proxectos non produtivos de prioridade alta.** Intensidade de axuda ata o 100%:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas

infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).

- Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
- Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

**- Proxectos non produtivos de prioridade media.** Intensidade de axuda ata o 70%:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

**- Outros proxectos non produtivos.** Intensidade de axuda ata o 50%:

- Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípcas ou cinexéticas.

## **VI. INTENSIDADE E LÍMITES DAS AXUDAS**

O importe da subvención calcularase coma unha porcentaxe sobre o total dos investimentos considerados subvencionables.

Tódolos proxectos pasarán por un proceso de baremación asignándoseles unha puntuación, a cal, levará asociada unha porcentaxe de axuda, tal e como se detalla no seguinte cadro:

		PUNTOS BAREMO	PORCENTAXE AXUDA
P. PRODUTIVOS	MÍNIMA	20	25%
	MÁXIMA	70	ata o 45 %
P. NON PRODUTIVOS	MÍNIMA	25	30%
	MÁXIMA	75	ata o 100%

Considerarase motivo de exclusión para os proxectos, no caso de que acaden unha puntuación inferior á mínima establecida no cadro anterior.

Os límites de axuda máxima por tipoloxía de proxecto son:

- PROXECTOS PRODUTIVOS: **100.000 €**
- PROXECTOS NON PRODUTIVOS: **50.000 €**

## **VII. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO PROMOTOR**

### ➤ **Para tódolos tipos de proxectos:**

- 1.- Modelo de **Solicitud de axuda** (por triplicado)
- 2.- Modelo de **Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas**
- 3.- Modelo de **Orzamento detallado**
- 4.- Modelo **Relación de ofertas solicitadas e elixidas** (cando o gasto subvencionable supere a contía de 30.000 € cando se trate de obra civil, ou 12.000 € cando se trate de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica).

### ➤ **En función da tipoloxía de proxectos:**

#### **PROXECTOS PRODUTIVOS:**

- 1.- **Modelo de Resumo do proxecto e Plan de empresa.** Os proxectos produtivos deberán de levar asociado un Plan de empresa, coa xustificación da viabilidade económica e financeira para un período de 5 anos.

#### **PROXECTOS NON PRODUTIVOS**

##### 1.- **Modelo de Plan de Xestión dos proxectos non produtivos:**

- a) *Resumo da acción*
- b) *Programa de mantemento*

Recoméndase acompañar aos modelos esixidos, en ambas tipoloxías de proxectos, unha Memoria Descritiva e un Estudio de Viabilidade Empresarial (tal e como se detalla nos apartados XII e XIII).

## VIII. DOCUMENTACIÓN ADICIONAL A PRESENTAR

A parte do esixido no apartado anterior, o promotor deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

- a) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.
- b) Declaración censal tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
- c) Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.
- d) Documentación acreditativa do requisito de PEME (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual.
- e) No caso de que o proxecto supoña a creación ou mantemento de emprego debe achegarse Informe da Vida Laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, referido ao ano inmediatamente anterior ao da presentación da solicitude así como os recibos de pagamento dos autónomos da empresa.
- f) De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.
- g) No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria.
- h) Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria da que sexa titular o promotor e na que desexa que se lle abone a axuda.
- i) Calquera outra documentación ou información que o interesado ou o "GDR-4 Asociación Terras de Lugo" consideren necesaria para a análise do proxecto.

## INFORMACIÓN ADICIONAL

- **Non** se poderán incluír **gastos con data anterior** á realización da **Acta de Non Inicio** ou da **presentación** da Solicitud de Axuda no caso de proxectos que non a requiran.
- Deberá entregarse a documentación orixinal ou no seu defecto unha fotocopia compulsada, tendo en conta que para a documentación destinada ao programa LEADER que entre no rexistro do GDR-4, soamente poderá ser compulsada polo persoal do mesmo.

- Os **modelos normalizados** necesarios para a presentación da documentación referida, estarán ao dispor dos interesados na sede do **GDR-4 "Asociación Terras de Lugo"**, e **este será o lugar onde se deberan entregar única e exclusivamente:**

**Enderezo:** Torre s/n, San Miguel de Orbazai, C.P.: 27297, Concello: LUGO

**Telf./Fax:** 982 228 922

**Telf. móbil:** 626 014 105

**End. electrónico:** <http://terrasdelugo.blogspot.com>

**Correo electrónico:** [terrasdelugo@gmail.com](mailto:terrasdelugo@gmail.com)

## **IX. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de **9 meses**, a contar desde a data da presentación da solicitude de axuda no rexistro do GDR. O promotor poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido dito prazo sen que se teña notificado a resolución expresa.

## **X. XUSTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

Efectuados os investimentos ou realizado o proxecto, **comunicaráselle** a súa **terminación** ao **GDR-4 "Asociación Terras de Lugo"**, o cal verificará, tanto material como documental, a realización dos investimentos e a efectividade do gasto.

A verificación material asegurará a existencia real dos bens obxecto de comprobación, o seu axuste ao proxecto, a súa utilidade e funcionamento, a súa coincidencia coa xustificación documental e cantas comprobacións sexan precisas en función dos investimentos ou gastos subvencionados.

No caso de obra civil ou execución material, o promotor deberá presentar as correspondentes certificacións de obra asinadas polo técnico competente.

Finalmente se presentará no rexistro do GDR-4 para a xustificación documental dos investimentos ou gastos subvencionados, a seguinte documentación:

- **Solicitude de pagamento (modelo normalizado)**
- **Facturas orixinais ou documentos probatorios de valor equivalente.**

### **Requisitos das facturas**

1.- Estarán perfectamente identificados tanto o provedor/acredor como a Entidade solicitante, mediante nome fiscal, N.I.F. ou C.I.F., enderezo e concepto.

2.- Data de emisión e número, que será anterior ó límite establecido no prazo de xustificación da inversión, e posterior á da Acta de Non Inicio ou da Solicitud de axuda de ser o caso.

3.- Identificación dos bens ou servizos realizados, coincidentes cos correspondentes á inversión ou gastos aprobados, que deberán estar desglosados e os conceptos descritos con claridade.

### **Xustificantes de pago**

Os pagos deberán facerse sempre a través dunha entidade financeira. **Non se admitirán xustificantes de pago en metálico.**

Os pagos a través da entidade financeira poderán ser mediante:

1.- Cheques nominativo/s. Achegarase copia do documento mercantil na que conste que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario.

2.- Transferencia bancaria. Vincularase o movemento coa factura do importe que se paga.

3.- Letras de cambio nas que o importe fose cargado na conta do promotor. Achegarase copia do documento mercantil.

4.- Xustificante bancario de ingreso na conta do provedor, xunto coa retirada do mesmo importe na conta bancaria do beneficiario na mesma data.

Presentarase o extracto bancario que recolla o movemento de pago ao provedor.

Os promotores poderán solicitar a AGADER certificacións parciais cando a contía do gasto xustificado en cada pagamento parcial supere o 25% do investimento aprobado e non superará en ningún caso o 80% da subvención concedida. Non se concederán pagamentos parciais cando o orzamento aceptado sexa inferior a 30.000 €.

Os promotores poderán solicitar a AGADER, un anticipo equivalente, como máximo, ao 20% do importe da axuda pública concedida. (Será obrigatorio presentar unha garantía bancaria equivalente ao 110% do importe anticipado).

Os pagamentos da axuda realizaranse sempre por transferencia bancaria nunha conta única da que o promotor sexa titular.

### **XI. MODIFICACIÓNS DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN:**

Os promotores beneficiarios das axudas deberán comunicar ao GDR-4 "Asociación Terras de Lugo" toda a alteración das circunstancias tidas en conta na concesión da axuda e que poida dar lugar á modificación da resolución de concesión:

- Cambios de titularidade
- Cambios no proxecto, no orzamento ou no financiamento. Especialmente a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto.
- Por ampliación do prazo de execución e xustificación.

## **XII. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

As axudas concedidas no marco do programa LEADER serán **incompatibles** con calquera outra que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía.

Serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

- o importe acumulado das axudas non exceda do custo da actividade subvencionada.
- o importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas de estado.

## **XIII. ELABORACIÓN DA MEMORIA**

A continuación amósase, de xeito orientativo, a estrutura que debería de ter a memoria que se recomenda entregar a cada promotor coa solicitude de axuda. É importante elaborar o documento en lingua galega, así como indicar que o promotor se compromete ao seu emprego na execución e desenvolvemento do proxecto.

### **1. INTRODUCCIÓN.**

### **2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR**

**2.1. Denominación.** Indicar: forma xurídica do promotor, características (muller, mozos entre 16 e 35 anos, persoas maiores entre 45 e 65 anos, discapacitados, entidade relacionada co sector agrícola e forestal, entidade pública, Comunidade Veciñal de Monte en Mao Común, asociación...)

**2.2. Constitución.** Indicar: número de socios, características dos socios ou persoas con participación social (porcentaxe de mulleres, mozos entre 45 e 65 anos, persoas con discapacidade, entidade relacionada co sector agrícola e forestal,...)

**2.3. Experiencia profesional (Traxectoria).** É moi importante detallar este apartado ao máximo.

**2.4. Descrición da actividade.** Indicar se se trata dun proxecto colectivo entre varias asociacións ou entidades públicas, así como o número de participantes no proxecto

cos seus enderezos. Resulta importante especificar o grado de dedicación do promotor ao proxecto (se será o encargado de levalo adiante).

### 3. DESCRICIÓN DO PROXECTO

**3.1. Xustificación.** Indicar o **porque** da realización deste proxecto e os trazos diferenciadores con respecto a outros similares ou da mesma tipoloxía. Xustificar o seu carácter **innovador**.

**3.2. Localización e emprazamento.** Indicar: concello, parroquia, lugar, polígono, parcela (incluír plano de situación a poder ser con referencias catastrais). Se se coñece, engadir tamén a distancia do lugar onde se desenvolverá o proxecto á capitalidade do concello ao que pertence.

**3.3. Obxecto do proxecto.** Indicar claramente o obxecto do proxecto e sobre todo naqueles casos nos que se preste algún servizo á poboación que contribúa á mellora de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (mozos entre 16-35 anos, maiores entre 45-65 anos, mulleres ou persoas con discapacidade).

**3.4. Descrición das actuacións.** Indicar de xeito estruturado e secuencial as actuacións que se levarán a cabo para a consecución do proxecto. É recomendable aclarar se o proxecto conleva a aplicación das TIC's para o seu desenvolvemento. Tamén é importante engadir se as actuacións do proxecto teñen incidencia sobre determinados colectivos desfavorecidos no que se refire á súa inclusión social ou laboral (mozos entre 16-35 anos, maiores entre 45-65 anos, mulleres ou persoas con discapacidade).

**3.5. Persoal.** Indicar se se manteñen ou crean postos de emprego: número e características dos contratos, características das persoas contratadas (mulleres, mozos entre 16-35 anos, persoas maiores entre 45-65 anos e persoas con discapacidade)

**3.6. Contribución do proxecto ao desenvolvemento da zona.** É de importancia indicar se se empregarán materias primas, provedores, mao de obra e insumos da zona, así como o Investimento total que supón o proxecto.

**3.7. Contribución do proxecto ao desenvolvemento do sector na zona** (xustificación da influencia que pode ter no desenvolvemento do sector ao que pertence na zona).

- Naqueles proxectos que axuden a desenvolver os sectores agrario e forestal será conveniente indicar se o fan mediante novos produtos ou servizos, se integran plans ou accións piloto de comercialización (sempre de xeito xustificado).
- Nos proxectos que inflúan no desenvolvemento do sector turístico será preciso indicar se o fan mediante novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural (sempre de xeito xustificado).

**3.8. Incidencia ambiental.** Breve descrición da incidencia do proxecto sobre o medio ambiente e o entorno onde se localiza. Indicar a maiores se o proxecto inclúe:

- Sistemas/planes de xestión ou valorización de residuos.
- Emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético.
- Emprego de técnicas de baixo consumo hídrico.
- Actuacións de adequación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural, agrario e forestal no contorno rural.

\*No caso de que non sexa un proxecto de nova creación, resultará conveniente indicar en cada apartado as modificacións que se farán a raíz da posta en marcha do mesmo.

#### 4. DATAS PREVISTAS DE INICIO E REMATE DO INVESTIMENTO

#### 5. ORZAMENTO DETALLADO E DESGLOSADO POR PARTIDAS

#### 6. COFINANCIACIÓN . Indicar outras axudas coas que se cofinanciará o proxecto (tipoloxía e orixe, tanto da axuda coma dos fondos).

#### 7. CONCLUSIÓNS

### **XIII. ESTUDO DE VIABILIDADE EMPRESARIAL / PLAN DE XESTIÓN**

Tanto para a elaboración do estudo de viabilidade empresarial (esixido para proxectos produtivos) coma para o plan de xestión (esixido para proxectos non produtivos), recomendamos encarecidamente que os promotores, dentro das súas posibilidades, os encarguen a profesionais relacionados coa materia (asesorías técnicas, economistas,...).

Debido a que a elaboración e análise do estudo de viabilidade pode supoñer maior complexidade, e a efectos dunha mellor valoración do proxecto por parte do GDR-4, recomendamos entregar xunto coa memoria un documento que se axuste ao seguinte guión:

**1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.** Por que o GDR-4 ten que elaborar un informe favorable do proxecto?. Facer referencia á vantaxe competitiva que terá o proxecto e os trazos diferenciadores dentro do sector.

#### **2. VIABILIDADE COMERCIAL.**

##### **2.1. SITUACIÓN ACTUAL E PERSPECTIVAS DO SECTOR NO TERRITORIO**

Breve descrición da situación doutros proxectos de similares características no sector. Indicar se existen ou se se desenvolveron ideas similares no entorno non que se quere levar a cabo o proxecto ou ben outros de características semellantes. De existir, que resultado están a ofrecer, e se existiron, causas da súa desaparición.

**2.1.1. Demanda: Clientes potenciais.** Reflexar se existe un clima social e económico axeitado para o desenvolvemento do proxecto.

2.1.2. Oferta e competidores. Tipo de oferta no territorio e características dos competidores no mesmo: Cómo venden ?; A qué prezo?....

2.1.3. Provedores. Previsión dos provedores a empregar e localización dos mesmos.

2.1.4. Distribuidores. Previsión dos distribuidores a empregar e localización dos mesmos.

## 2.2. PLAN DE MARKETING

2.2.1. Definición do produto ou servizo

2.2.2. Prezo

2.2.3. Promoción

2.2.4. Comercialización. Indicar a estratexia a seguir en canto a comercialización.

2.3. ANÁLISE DAFO (Opcional). Realizar un análise DAFO da actividade.

## 3. VIABILIDADE TÉCNICA

### 3.1. LOCALIZACIÓN. INFRAESTRUTURAS

### 3.2. PROCESO TÉCNICO

3.2.1. Materias primas

3.2.2. Descrición Proceso Productivo

3.2.3. Outros factores de carácter técnico.

3.3. NECESIDADES DE PERSOAL. Descrición xustificada do persoal co que contará a empresa. Indicar categorías profesionais, duración da xornada laboral, tipos de contratos, etc.

### 3.4. PLAN DE INVESTIMENTOS

3.4.1. Investimentos. Cuantificar e cualificar os investimentos que se van a facer ou que se esperan facer.

3.4.2. Previsión de ingresos. Definir que tipos de ingresos se terán. É recomendable xustificar as cantidades que se expoñan (datos de mercado, outras experiencias,...) e que se acheguen o máximo posible á realidade.

3.4.3. Detalle de custos. Descrición dos custos tanto cuantitativamente como cualitativamente. É recomendable xustificar as cantidades que se expoñan (datos de mercado, outras experiencias,...) e que se acheguen o máximo posible á realidade.

3.4.4. Financiación. Especificar o tipo de financiación na que se amparará a consecución do proxecto (capital privado, subvencións,...)

3.5. VIABILIDADE LEGAL. Indicar a normativa que afecte ao proxecto e xustificar o seu cumprimento.

4. VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA (VAN, PAYBACK, TIR, UMBRAL DE RENDIBILIDADE e outros indicadores que o promotor considere oportuno engadir para unha mellor xustificación. É importante que tódolos cálculos veñan detallados e non se mostren soamente os resultados finais).

5. CONCLUSIÓNS

